

## **FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS**

### **MEMORIA DE ACTIVIDADES DO EXERCICIO 2020.**

A actividade da Fundación Antonio Fraguas Fraguas no exercicio 2020 estivo marcada en gran medida pola aplicación do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e as restricións aplicables, en especial pola imposibilidade de realizar actividades nos centros educativos.

Na sesión do Padroado celebrado de forma virtual o 14 de maio de 2020, acordouse por unanimidade o adiamento da XII edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas, que estaba previsto para o bienio 2020-2021, entendendo que na situación na que estábamos non resultaba posible levar adiante a presente edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas, xa que os centros escolares non podían realizar o traballo necesario para presentar as súas propostas.


O mantemento, e mesmo o reforzamento das medidas de loita contra a pandemia, en especial o establecemento de aulas burbulla para evitar contaxios entre os membros da comunidade escolar, e a imposibilidade de desprazarnos aos centros para realizar este programa, fixeron imposible tamén realizar actividades de colaboración cos centros que requiriran calquera formato de presencialidade.

#### **A) Edición da obra de D. Antonio Fraguas Fraguas.**

A actividade da Fundación centrouse na edición de obra de D. Antonio, con dous proxectos coordinados polo secretario da Fundación:

- Os Animais de Fraguas: Recolle o inédito de D. Antonio atopado pola patroa e responsable da biblioteca D<sup>a</sup>. Rosa Méndez. A edición foi coordinada polo secretario da Fundación, D. Antón Santamarina fixo a

revisión lingüística final, e foi ilustrado por Miguelanxo Prado, coa edición artística de Kiko da Silva.



- Escritos de Antonio Fraguas Fraguas nas terras de Cerdedo-Cotobade (título provisional): despois do fracaso nas xestións coa Editorial Galaxia para proceder á edición desta obra de dispersos ao longo do Ano Fraguas no 2019, retomamos os traballos dende a Fundación. O secretario procedeu á tradución e corrección ao galego dos textos seleccionados, o que permitiu dispoñer dos textos en formato dixital. De acordo coa escolma realizada polos patróns Xosé Manuel González Reboredo e Clodio González Pérez, recollerá traballos dispersos centrados neste territorio, recollendo unha investigación que entronca cos traballos do territorio aos que dedicaron os seus esforzos dende o Seminario de Estudos Galegos, e que a Fundación ten coñecemento

que era un traballo moi querido por D. Antonio Fraguas. Non inclúe aqueles que foron obxecto de edición específica no ano 2019. A día de hoxe está en proceso de revisión por parte dos patróns. Agardamos acadar financiamento e editalo ao longo do 2021.

Tamén levamos adiante a participación da Fundación, coordinada polo patrón D. Francisco Fariña Busto no Programa Proxecta da Consellería de Educación. Neste exercicio, no que se incorporou D. Bieito Pérez Outeiriño en apoio do coordinador, apuntáronse 8 centros no noso proxecto. A previsión é convidar ao Museo aos responsables para ter a primeira xuntanza con eles.

## **B) Xestión de dereitos de autor.**

No mes de xullo de 2020 protexendo os nosos dereitos e co obxectivo de evitar precedentes, negociamos coa avogada de Teófilo Edicións un contrato para regularizar a edición que fixera co título *Antonio Fraguas. As cousas de Antonio de Insuela. Escolma de artigos xornalísticos*, sen que se puxeran en contacto connosco para negociar os dereitos de edición, nin sequera figura na edición o recoñecemento dos dereitos de autor da obra reeditada. Despois da , intervención directa da Secretaría Xeral de Política Lingüística, dende a Fundación, unha vez asumido o erro por parte da editorial nos limitamos a reclamar os ingresos da porcentaxe de vendas correspondentes aos dereitos de autor.

O contrato xa está asinado por todas as partes e xa cumpriron coa súa obriga de enviar certificación das obras editadas (500 exemplares) e de proceder ao pago das cantidades adebedadas. No mesmo só se regulariza a edición xa feita en papel, sen incluír ningunha outra posibilidade de edición por outro formato nin en outra edición de exemplares.

**C) Participación no programa Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Turismo da Xunta de Galicia.**

Continuouse, de forma virtual coa participación da Fundación no Programa Proxecta da Consellería de Educación. Esta actividade está coordinada polo patrón D. Francisco Fariña Busto, contando coa incorporación de D. Bieito Pérez Outeiriño en apoio do coordinador..

En Santiago de Compostela, a 2 de xullo de 2020

A handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke extending to the right.

Justo Beramendi González  
Presidente da Fundación Antonio Fraguas Fraguas

## COMPOSICIÓN DO PADROADO DA FUNDACIÓN

Presidente de Honra: Sr. Presidente da Xunta de Galicia

Presidente: Justo Beramendi González

Vicepresidente primeiro: en representación do Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística

Vicepresidente segundo: en representación do Sr. Alcalde do concello de Santiago de Compostela, D<sup>a</sup>. Mercedes Rosón Ferreiro, concelleira responsable de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural e primeira tenente de alcalde

Vicepresidente terceiro: D<sup>a</sup>. Concepción Losada Vázquez

Vogais: D. Francisco Fariña Busto,

D<sup>a</sup> Encarna Otero Cepeda

D. Xosé Antonio Gómez Segade

D. Manuel Vilar Álvarez

D. Xosé Manuel González Reboredo

D. Clodio González Pérez

D. Xerardo Estévez Fernández

D<sup>a</sup>. Carolina Martínez Paz, en representación da familia

D. Jorge Cubela López, Sr. alcalde do concello de Cerdedo-Cotobade

D. Lino Lema Bouzas

Secretario: D. Francisco Javier Sanjiao Otero